



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS PARA O INICIO DE ACTIVIDADE DE AUTÓNOMOS

O xoves día 30 de decembro de 2021 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Emprego e Igualdade sobre as axudas a persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadoras autónomas ou por conta propia, para facer fronte aos distintos gastos xerados no comezo da súa actividade laboral.

BENEFICIARIOS

- Aquelas persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022.
- Estar inscrito como demandante de emprego.
- Ter domicilio fiscal en Galicia.
- Non ter desenvolvido como persoas traballadoras autónomas a mesma ou similar actividade, nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade, nin estivesen de alta como persoas traballadoras autónomas en calquera réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional, sempre que a dita situación de alta presupoña actividade, nos 3 meses inmediatamente anteriores. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia ao nivel de 3 díxitos da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE). Este requisito non se aplicará cando a actividade desenvolvida fose realizada por persoas autónomas colaboradoras

CONTÍA DA AXUDA

A contía da axuda é de **2.000 € para persoas desempregadas en xeral, podendo acadar os 10.000 €.**

PRAZO DE SOLICITUDES:

O prazo para presentación de solicitudes da axuda será contado **a partir do día seguinte ao de publicación da orde e rematará o 30 de setembro de 2022.**

Para calquera información contactar coa Técnica de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, 04 de xaneiro de 2022.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

